Acto de Información Pública polo 62º aniversario de Al-Anon/Alateen en España (AFALGA en Galicia)

Tempo estimado de lectura: 2 min

Autor: **Xanela Aberta á Familia**



Co motivo da conmemoración do 62º aniversario en España da **Asociación Al-Anon/Alateen (AFALGA en Galicia)**, o vindeiro 8 de outubro ás 17:00 horas terá lugar un acto de Información Pública no Salón de Actos da Consellería de Sanidade (Rúa de Ceuta s/n, Santiago de Compostela).

Este encontro é unha ocasión para dar visibilidade ao labor que desenvolve **Al-Anon/Alateen**, unha rede de apoio esencial para familiares e achegados de persoas con problemas de alcoholismo.



Programa de intervencións:

- Tres membros de **Al-Anon/Alateen** compartirán as súas experiencias.
- Un membro de **Alcohólicos Anónimos** achegará a súa visión persoal.
- **María Dolores Fernández Galiño, Valedora do Pobo**, participará co seu testemuño institucional.

A xornada quere transmitir unha mensaxe clara: ninguén ten que enfrontar só as consecuencias do alcoholismo, existen espazos de apoio e esperanza.

Máis información dispoñible na web estatal: al-anonespana.org

